

Desde hai xa máis de dúas décadas traballo como profesora no ensino público e, como sempre apostei pola súa calidade, nunca tiven a menor dúbida en matricular as miñas dúas fillas en centros públicos, tanto de primaria (CEIP Souto Donas) como de secundaria (IES Auga da Laxe). Durante anos comprobei que esta era a mellor opción para elas, dado que lles ofrecía unha formación de calidade, democrática, plural, laica e, aínda que non todo o que eu quixera, na súa lingua materna, o galego.

Por responsabilidade como nai, procuro colaborar, na medida das miñas posibilidades, co profesorado das miñas fillas e participar a través da ANPA na vida dos centros onde estudan. Estou firmemente convencida do positiva e necesaria que é esta colaboración para mellorarmos entre todos, ,nais, pais e profesorado, este excelente servizo público do que disfrutamos ata o de agora.

Neste momento, moitos membros das ANPAs destes dous centros están a manifestar a súa seria preocupación polo futuro do ensino público a través das mobilizacións da Marea Verde do ensino, convocadas no Val Miñor pola coordinadora de centros públicos.

No CEIP Souto Donas, na asemblea xeral da ANPA, acordamos enviar un escrito, asinado por 314 persoas, ao Conselleiro de Educación para expresarmos o desacordo coa decisión política do goberno da Xunta de Galicia de recortar gastos nun sector tan importante como é o do ensino público. Os serios recortes de gastos que o goberno está a aplicar provocan o deterioro dun servizo que consideramos imprescindible e esencial para albiscarmos algo de esperanza no futuro do noso país e mais dos nosos fillos e fillas.

Neste escrito rexeitamos a supresión de 12 centros de ensino públicos e de 132 unidades en Galicia entre o curso pasado e este.

Rexeitamos o que nos parece un auténtico ERE encuberto na Consellería de Educación, que eliminou 315 postos de profesores, despois de que este curso xa comezase con 200 postos de traballo suprimidos.

Coidamos que é totalmente insuficiente o número de prazas ofertadas nas oposicións ao ensino deste ano: só se convocaron 200 prazas de mestres e ningunha en secundaria. Se cada vez se están a producir máis xubilacións e non se ofertan novas prazas para profesorado, moito nos tememos que isto vai supor isto unha nova redución de persoal, co conseguinte prexuízo para os nosos fillos e fillas. Haberá un aumento do número de rapaces por aula, e somos conscientes de que isto impide unha correcta atención das súas necesidades, sobre todo cando se trata de nenos e nenas con necesidades educativas especiais: adaptacións curriculares, reforzos, atencións de pedagogía terapéutica, etc.

Rexeitamos os importantes recortes que o profesorado está a sufrir no seu soldo. Comezaron este curso cobrando un 5% menos có curso pasado, non cobraron paga extra de nadal e neste ano 2013 van ter recortes nas pagas extras de xuño e decembro. A miúdo escoitamos nos medios de comunicación que parte dos problemas do noso sistema educativo se debe ao escaso recoñecemento social do labor dos mestres e as mestras. Nós si recoñecemos o importante labor que cumpre o profesorado que imparte clase aos nosos fillos. Recoñéceo a Consellería de Educación pagando cada vez menos cando o traballo vai cada día a máis? Porén, os profesores continúan facendo, cada vez con menos medios, un magnífico labor nas aulas e en múltiples actividades extraescolares que requiren a súa presenza no colexio, incluso en horas fóra do seu horario.

Rexeitamos que os nosos cativos se teñan que ver prexudicados cando o seu profesor ou profesora se ve obrigado a coller unha baixa médica. Agora, durante os 10 primeiros días da baixa a Consellería non está obrigada a enviar alguén que o substitúa. O alumnado perde horas de clase e ten que ser atendido por profesores de garda, o que prexudica a formación dos pequenos. Pero non queda aí a cousa xa que, de continuaren os recortes, o profesorado terá que vir traballar, aínda enfermo, se quere chegar a fin de mes. É así como aposta o goberno por un ensino de calidade?

Rexeitamos que sigan diminuindo as cantidades adicadas á normalización da nosa lingua nos centros de ensino. (En toda Galicia baixaron xa un 67% desde o ano 2009). É este o xeito de protexer este patrimonio que se atopa en perigo serio de desaparición?

E que dicir das axudas para o servizo de comedor, imprescindible para que moitos pais e nais poidan conciliar a súa vida laboral e familiar? Este curso no CEIP Souto Donas , a axuda da Consellería para comedor baixou de 4.400€ a 2139€. Máis dun 50%!

## Ensino público, gratuíto e de calidade en Gondomar

Escrito por Belén Fernández Lareo  
Martes, 18 Xuño 2013 10:17

---

Rexeitamos, por último, o Anteproxecto de Lei do Ministro de Educación, señor Wert. Segundo este señor, a LOMCE busca a mellora da calidade do ensino. Discrepamos totalmente e vemos nela moitos tintes ideolóxicos que nada teñen que ver coa calidade. Rexeitámola por ser elitista (aumenta as subvencións ao ensino privado), segregadora (subvenciona colexios que separan ao alumnado por sexos), antidemocrática (o Consello Escolar, onde temos representantes, perde poder á hora de tomar decisións que afectan ao centro), centralizadora (O goberno galego non decidirá como ata agora cales son os contidos que teñen que estudar os escolares galegos), e antigalega ( a presenza da nosa lingua diminuírá nas aulas).

Estamos dispostos a continuar coas mobilizacións no Val Miñor, como en moitos outros puntos de Galicia e do estado, ata que esta lei tan reaccionaria sexa retirada.

Gondomar, 15 de xuño, 2013

Belén Fernández Lareo